

VII CONCURSO DE COMADRES E COMPADRES

BASES

Primeira.- O Concello da Pobra do Brollón convoca o VII Concurso de Comadres e Comadres, que se realizará dentro do programa de actividades do Entroido, os xoves 1 e 8 de febreiro de 2024.

Segunda.- As solicitudes de inscrición para a participación no concurso presentaranse na Biblioteca Municipal do Concello (Casa da Cultura, 2a planta) ou ben chamando o teléfono 982 430 546 en horario de 10:30 a 13:30 horas, sendo o derradeiro día de inscrición o 31 de xaneiro e o 7 de febreiro respectivamente.

Tamén se poderá inscribir os propios días 1 e 8 antes das 14:30 mediante envío de fotografía das figuras participantes ao whatsapp 650 624 828, indicando nome da persoa ou colectivo participante, e categoría na que participa.

Terceira.- Haberá dúas categorías e dúas subcategorías:

- Individuais: Nen@s e Adult@s:

- Colectivos: Locais comerciais, Colexio, Asociacións, ou entidades de diversa índole.

Cuarta.- Todos aqueles participantes que desexen participar na queima organizada, deberán concentrarse diante do Concello ás 18:30 (dos días 1 e 8) onde se correrán para posterior queima e chocolatada.

Aqueles que decidan facer a queima fóra da queima organizada, deberán quedar suficientemente acreditados mediante fotografía para que o xurado poida decidir.

Quinta.- Na convocatoria de “Colectivos”, os compadres e comadres inscritos colocaranse nos lugares elixidos polos participantes dende a primeira hora da mañá. Na medida do posible, o xurado tratará de visitar todas as figuras participantes ata as 15:00h.

Sexta.- Haberá dous premios por modalidade. Valorarase a orixinalidade, calidade e elaboración de cada un deles.



PREMIOS (por convocatoria):

Individuais

Nen@s: 1º premio: 50 € / Accésit: 20 €

Adult@s: 1º premio: 50 € / Accésit: 20 €

Colectivos

1º premio: 100 € / Accésit: 50 €

Sétima.- A entrega dos premios será o día 10 de febreiro na Casa da Cultura, coincidindo co remate do desfile de Entroido.

Oitava.- A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases. A decisión do xurado é inapelable.